- Atril

H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non deberá afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, “a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as

medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, podendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.

O departamento encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura

de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

4º CURSO GRAO ELEMENTAL

A- Obxectivos:

1. Explorar as capacidades da respiración e relaxación corporal como elemento importante para a práctica instrumental
2. Interiorizar unha posición corporal que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-muñeca-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón e dereitos sobre as cordas.
3. Utilización da execución Legato nábalas dúas mans.
4. Interpretar un repertorio de diversos estilos de dificultade acorde ao curso.
5. Adquirir a conciencia da importancia do traballo individual e a capacidade para escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
6. Continuar co coñecemento do concepto de timbre e as súas calidades particulares no instrumento.
7. Utilizar correctamente a pulsación co emprego das uñas.
8. Interpretar en público, coa necesaria seguridade de seu, para vivir a música como medio de comunicación
9. Coñecer las características elementais do repertorio das distintas épocas.
10. Interpretar de memoria ao menos unha das obras do repertorio.

B- Contidos:

1. Reforzamento dun hábito consciente de estudo persoal.
2. Desenvolvemento progresivo da calidade sonora mediante o uso das uñas
3. Práctica de ligados con diferentes combinacións.
4. Iniciación ao estudo das notas de adorno.

5. Iniciación a o análise.
6. Perfeccionamento da afinación por harmónicos
7. Práctica de cellas.
8. Práctica de arpexos.
9. Práctica da execución Legato aplicado ás Obras e Estudos do curso.
10. Coñecemento de estruturas formais.
11. Práctica de polifonía a dúas e tres voces.
12. Actitude crítica ante a propia interpretación
13. Lectura a primeira vista.
14. Participación nas actividades do centro, concertos, audicións, actividades extraescolares

C - Criterios de avaliación.

1. Lograr unha axeitada e relaxada posición corporal con respecto ao instrumento que permita tocar evitando tensións innecesarias.
2. Acadar o desenvolvemento dunha correcta posición da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos, así como co desenvolvemento progresivo da calidade sonora utilizando a pulsación con uña.
3. Acadar o desenvolvemento dunha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas.
4. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil que permita a práctica de acordes simultáneos e arpexados, así como a interpretación de pezas a varias voces.
5. Demostrar o emprego da execución Legato nábambalas dúas mans
6. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
7. Ser capaz de interpretar un repertorio formado por diversas pezas de características similares ao proposto dentro dos recursos para este curso.
8. Lograr memorizar cando menos unha das pezas do repertorio.
9. Interpretar en público tres pezas de tres estilos coa suficiente solvencia.

Mínimos esixibles:

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de tres pezas en solitario no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de tres pezas no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.

- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º dos criterios de avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de tres pezas no trimestre.
- Interpretar dúas pezas na audición do departamento.

Medidas de recuperación

Recuperación trimestral: Realízase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realízase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

Proba extraordinaria

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

F- Enfoque metodolóxico

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesións de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción tutorial, a información sobre a concienciación

do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos máis avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agónica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un máis acelerado proceso na consecución dos obxectivos

G - Recursos didácticos:

Bibliográficos:

- SCHALLER- SCHEIT: “Lehrwerk für die gitarre” Helft 3 (Ed. Universal Edition)
- T. CAMACHO: “Escuela de Guitarra” Vol. II. (Ed. Real Musical).
- R. REGUERA: “Tratado Elemental para Guitarra”. (Ed. Nueva Carisch España S. L.) DIONISIO AGUADO: “Método de guitarra” (U.M.E.), 1ª parte, números 16, 17, e do 22 ao 27.

Estudos:

- R. S. BRINDLE: “Guitarcosmos I” (Schott), Tenths with suspensions.
- LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Max Eschig), do 6 ao 10.
- MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), do 1 ao 8.
- FERDINANDO CARULLI: “Studi per chitarra” (Suvini Zerboni), números 18, 19, 23, 25 e 26.
- MAURO GIULIANI: “24 estudios op. 48” (Universal Edition), do 1 ao 6.
- B. LESTER: “Tremolo”, “Arpeggio”, “Scales”, “Barré” de “Essential Guitar Skills” (Ricordi)
- J. SAGRERAS: “Lecciones 1-3” (Chanterelle), segundas leccións, números 1, 2, 6 e 7.

- FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), núm. 1, 2, 4 a 6, 8 e 9.

Obras:

Renacemento-Barroco

- ANÓNIMO: The Wilson Wide, The Parliament (Amsco Pub.).
- P. ATTAINGNANT: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Tourdion.
- J. S. BACH: Minueto en Sol M, Minueto en Mi m (trans. do libro de Ana Magdalena). Sarabande da Suite III para laúd BWV 995.
- G. A. BRESCIANELLO: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Gavotte, Marche.
- FRANCIS CUTTING: Toy (Amsco Pub.)
- FRANCESCO DA MILANO: Pescatore va cantando.
- JOHN DOWLAND: “Cuatro piezas fáciles” (Universal Edition).
- ADRIAN LE ROY: Branle de Bourgogne (Amsco Pub.)
- ALONSO MUDARRA: Pavana de Alexandre.
- DIEGO PISADOR: Pavana muy llana para tañer

(Schott/Pujol). Clásico-romántico

- ANÓNIMO: Minueto en Sol (Amsco Pub.).
- MAURO GIULIANI: “Le Papillón op. 30” (Real Musical), do 21 ao 32.
- FRANCESCO MOLINO: Rondó.
- MEISSONIER: “Colección de piezas de I. Savio, vol. 2”, siciliana.
- FRANCISCO TÁRREGA: Lágrima, Pavana.

Contemporáneo

- JEAN ABSIL: Preludio, Barcarola.
- RENE BARBIER: Preludio, Barcarola.
- E. CORDERO: “Modern Times vol. I e II” (Chanterelle), Estudio a la cubana, Estudio fugaz, Viñeta criolla I.
- O. HUNT: “Modern Times vol. II” (Chanterelle), Autumm.
- NIKITA KOSHKIN: Obéron, Tristan.
- N. LECLERQ: “Six nuances” (Schott Frères), Outremer; “Six Colours” (Schott Frères), Turquoise, Pourpre, Orange.
- G. MONTREUIL: “Divertissements pour guitare vol. II” (Doberman)

Tecnolóxicos:

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.

Outros:

- Diapasón de horquilla
- Alzapie
- Atril

H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non deba afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, “a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, podendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.

O departamento encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolto e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

GRAO PROFESIONAL

Introdución

No artigo 3º do decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, os obxectivos xerais neste ciclo han de contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

En base a estes obxectivos xerais, o mesmo decreto concreta os obxectivos e contidos na especialidade de Guitarra do seguinte xeito:

Obxectivos:

- a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- c) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- e) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- f) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
- g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos:

- Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática: dixitación de obras ou pasaxes polifónicas en relación coa condución das distintas voces. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque.
- A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio da guitarra de acordo coas exixencias das distintas épocas e estilos.
- Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, percusión, etc.). Harmónicos oitavados.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos.
- Iniciación á interpretación de música contemporánea e ao coñecemento das súas graffas e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

Tomando como referencia estes contidos e obxectivos xerais establecidos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, o departamento de guitarra do Conservatorio profesional de Música de Culleredo, establece a seguinte programación didáctica, tendo en consideración o artigo 42 do Decreto 223/2010, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se determinan os aspectos que deberán incluír as programacións didácticas.

1º CURSO GRAO PROFESIONAL

A- Obxectivos:

1. Ampliar o dominio corporal para acadar unha técnica máis depurada que favoreza a práctica musical.
2. Dominar progresivamente as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento para a súa aplicación no repertorio do curso.
3. Continuar coa utilización axeitada da pulsación segundo o nivel do curso.
4. Aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio para solucionar problemas relacionados con cuestións de dixitación, fraseo, etc.
5. Ter un primeiro coñecemento acerca de la interpretación de notas de adorno.
6. Desenvolver progresivamente as competencias da memoria e a lectura a primeira vista.
7. Empregar a escoita polifónica que permita a comprensión e mellor interpretación das obras.
8. Consolidar os hábitos de estudo e optimizar o rendemento do traballo persoal.
9. Interpretar un repertorio composto a lo menos por cinco obras e cinco estudos entre os propostos para este curso.
10. Acadar un axeitado seguimento das indicacións que aparecen nas distintas obras e estudos entre os propostos para este curso
11. Comezar a coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da literatura para guitarra.
12. Valorar a interpretación en público como un feito natural das ensinanzas de música.
13. Actuar en público con seguridade cando menos unha vez ao trimestre.

B- Contidos:

1. Traballo de hábitos de estudio eficaces.
2. Revisión máis consciente da pulsación.
3. Traballo técnico xeral contido nos diferentes estudos
4. Traballo de escalas con realización de cambios de posición en pasaxes melódicas.
5. Iniciación á realización de apagadores nas notas graves do instrumento
6. Consolidación da alternancia de dedos na man dereita
7. Traballo de iniciación ao trémolo
8. Traballo de ligados axeitado ao nivel do curso
9. Práctica de adornos.
10. Interpretación de obras do repertorio utilizando os recursos expresivos do instrumento.
11. Breve análise formal, melódica e tonal das obras do repertorio.
12. Desenvolvemento do criterio persoal, empregando as posibilidades expresivas do instrumento.
13. Valoración e participación nas audicións e concertos propostos no conservatorio, así como nas actividades complementarias.

14. Actitude positiva de autocrítica sobre o traballo realizado

C - Criterios de avaliación.

1. Demostrar un axeitado dominio corporal e posición relaxada respecto ao instrumento que permita tocar evitando tensións innecesarias.
2. Amosar o desenvolvemento dunha correcta posición da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos, así como co desenvolvemento progresivo da calidade sonora utilizando a pulsación con uña.
3. Interpretar as obras do curso de acordo cos criterios do estilo correspondente.
4. Amosar a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio.
5. Ser capaz de resolver as dificultades técnicas nos estudos e obras do curso.
6. Amosar o desenvolvemento dunha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil que permita a práctica de acordes simultáneos e arpexados, así como a interpretación de pezas a varias voces.
9. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
10. Ser capaz de interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel na guitarra, con seguridade e control da situación.
11. Lograr memorizar cando menos unha das pezas do repertorio.
12. Ser capaz de interpretar catro estudos e catro obras de unha dificultade similar ás propostas no apartado de recursos.

Mínimos esixibles:

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 4º, 5º, 6º e 7º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar dúas pezas na audición do departamento.

Medidas de recuperación

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

Proba extraordinaria

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliáveis, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e

audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

F- Enfoque metodolóxico

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos máis avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un máis acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

G- Recursos didácticos:

Bibliográficos:

Estudos:

- DIONISIO AGUADO: “Método de guitarra” (U.M.E.), 2ª parte, números 1, 5 e 6.
- R. S. BRINDLE: “Guitarcosmos 2” (Schott), Arpeggio study.
- LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Maz Eschig), o 12.
- MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), números 1, 3, 10, 11 e 12.
- M. CASTELNUOVO-TEDESCO: “Appunti” (Suvini Zerboni), caderno primeiro.
- NAPOLEÓN COSTE: “25 estudios op. 38” (U.M.E.), número 6.
- MAURO GIULIANI: “The Butterfly” (Schott), números 7 e 8.
- FERNANDO SOR: “30 estudios de guitarra” (U.M.E.), números 2 y 11.

Obras:

Renacemento:

- ANÓNIMO: Preludio de Lord Herbert (M. Lewin. Trinity Collage).
- Fantasía (Amsco Pub.)
- JOHN DOWLAND: The Round Battle Galliard (Amsco Pub.)
- LUYLS MILÁN: “Pavanas” (Universal Edition), a 1ª.
- E. de VALDERRÁBANO: “Silva de Sirenas” (Ricordi), Soneto.
- ROBERT JOHNSON: (Amsco Publications)

Alman Barroco:

- ANÓNIMO: Preludio y dos minuetos (Universal Edition).
- ADAM FALCKEMHAGEN: Vivace (Amsco Pub.).
- S. de MURCIA: Tocata (Amsco Pub.).
- H. PURCELL: Minueto en la menor (Amsco Pub.).
- S. L. WEISS: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Menuet.

Clásico-romántico:

- ANÓNIMO: Romance (Forteza).
- MATEO CARCASSI: Allegretto op. 5 nº 12 (Amsco Pub.).
- FERDINANDO CARULLI: Larghetto op. 241, Rondó en DoM.
- FERNANDO SOR: Minueto op. 22, minueto op. 25 (Tecla).
- NAPOLEON COSTE: Barcarolle, Op. 51 Nº 1.

Contemporáneo:

- G. BIBERIAN: “Modern Times vol. III” (Chanterelle), Petite prelude.
- N. LECLERQ: “Six Colours” (Schott Frères), Arlequine, Noir e Cyclamen.
- MANUEL M. PONCE: “Preludios” (Schott), números 1 e 6 (tocar os dous).
- G. ZARB: “Modern Times vol. I” (Chanterelle), Episode, Grekos.
- FRANCIS POULENQ: (Ricordi) “Sarabande”
- FLORES CHAVIANO: (EMEC) “Cubanita”

Tecnolóxicos:

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.

H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos

contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos máis altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, podendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos máis novos nos concertos.

J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.

O departamento encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao

finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

2º CURSO GRAO PROFESIONAL

A- Obxectivos:

1. Ampliar o dominio corporal para acadar unha técnica máis depurada que favoreza a práctica musical.
2. Continuar co dominio progresivo das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento para a súa aplicación no repertorio do curso.
Scordaturas.
3. Continuar coa utilización axeitada da pulsación poñendo especial atención aos mecanismos de disociación e brevidade na articulación do movemento dos dedos da man dereita.
4. Aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio para solucionar problemas relacionados con cuestións de dixitación, fraseo, etc.
5. Avanzar no coñecemento acerca da interpretación de notas de adorno.
6. Avanzar no desenvolvemento progresivo das competencias da memoria e a lectura a primeira vista.
7. Continuar co desenvolvemento do emprego da escoita polifónica que permita a comprensión e mellor interpretación das obras.
8. Consolidar os hábitos de estudo e optimizar o rendemento do traballo persoal.
9. Interpretar un repertorio composto a lo menos por catro obras e catro estudos entre os propostos para este curso.
10. Acadar un axeitado seguimento das indicacións que aparecen nas distintas obras e estudos entre os propostos para este curso.
11. Avanzar no coñecemento das diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da literatura para guitarra.
12. Valorar a interpretación en público como un feito natural das ensinanzas de música.
13. Actuar en público con seguridade cando menos unha vez ao trimestre.

B- Contidos:

1. Utilización da memoria como ferramenta de estudo.
2. Traballo máis consciente da pulsación tendo en conta o concepto de disociación e brevidade na articulación do movemento.
3. Exercicios en posición fixa para a man dereita.
4. Traballo técnico xeral contido nos diferentes estudos do curso.

5. Traballo de escalas con realización de cambios de posición en pasaxes melódicas.
6. Traballo da execución legato námbalas dúas mans especialmente nas escalas e nos acordes simultáneos.
7. Coidado e mantemento das uñas.
8. Traballo de scordaturas. 6ª corda en Re.
9. Continuar co traballo de iniciación ao trémolo.
10. Traballo de ligados axeitado ao nivel do curso.
11. Práctica de adornos.
12. Interpretación de obras do repertorio utilizando os recursos expresivos do instrumento.
13. Breve análise formal, melódica e tonal das obras do repertorio.
14. Desenvolvemento do criterio persoal, empregando as posibilidades expresivas do instrumento.
15. Valoración e participación nas audicións e concertos propostos no conservatorio, así como nas actividades complementarias.
16. Actitude positiva de autocrítica sobre o traballo realizado

C - Criterios de avaliación.

1. Demostrar un axeitado dominio corporal e posición relaxada respecto ao instrumento que permita tocar evitando tensións innecesarias.
2. Amosar o desenvolvemento dunha correcta posición da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos, así como co desenvolvemento progresivo da calidade sonora utilizando a pulsación con uña.
3. Amosar seguridade na ubicación das notas no diapasón coa scordatura da 6ª corda en Re.
4. Interpretar as obras do curso de acordo cos criterios do estilo correspondente.
5. Ser capaz de resolver as dificultades técnicas nos estudos e obras do curso.
6. Amosar a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio
7. Amosar o desenvolvemento dunha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas.
8. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
9. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil que permita a práctica de acordes simultáneos e arpexados, así como a interpretación de pezas a varias voces.
10. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
11. Ser capaz de interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel na guitarra, con seguridade e control da situación.
12. Lograr memorizar cando menos unha das pezas do repertorio.
13. Ser capaz de interpretar catro estudos e catro obras de unha dificultade similar ás propostas no apartado de recursos.

Mínimos esixibles:

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º e 7º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar dúas pezas na audición do departamento.

Medidas de recuperación

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

Proba extraordinaria

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primárase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicárase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

